

4

Son moi observadora. Decateime, por exemplo, de que Marcelo respondía case sempre ás miñas mensaxes entre as catro e as cinco da tarde os luns, mércores e venres. Algunhas veces, de cando en cando, tamén escribía polas mañás. Pero nunca en martes, xoves ou sábado. Supuxen que, ao mellor, tiña algún traballo e que debía ter dificultades para utilizar o ordenador para asuntos persoais; por iso as súas mensaxes eran sempre tan breves, porque non quería ter problemas.

Cando coñeces unha persoa pola Internet, todo o que non sabes dela tes que imaxinalo. Por iso te equivocas tanto.

Ao mellor, falar de todo aquilo con alguén podíame axudar a velo doutra forma, a darme conta de que era unha tolería. Pero a miña única

amiga era Sandra, e a nosa relación non pasaba por un bo momento. A min parecía que ela estaba moi rara desde que empezara a saír con aquel rapaz universitario, coma se el a estivese cambiando. Ou, se cadra, a rara era eu, quen o sabe. Poida que tamén sentise un chisco de envexa. Poida. O caso é que non lle contei nada a ninguén.

Dous días despois de que lle enviase a foto, Marcelo pedíume outra. Fun moi dura con el:

Non che vou enviar ningunha foto máis mentres non me envíes ti unha túa.

Funcionou. Cando recibín un correo electrónico cun documento adxunto, disparáronse os latexos do meu corazón. Mamá estaba na cociña pero, aínda así, abríno. Non podía esperar nin un segundo. Diante de min, aberto, o traballo de literatura. Nunha segunda ventá, preparada para escondela se mamá se acercaba demasiado, a foto que tanto ansiaba ver.

Imaxinárao tantas veces, que abrí a foto cun medo terrible. E se non era como eu pensaba? E se era horroroso?

Durante uns segundos, creo que me esquecín de respirar. Hai veces en que a vida se detén. Só uns instantes, sen ningún movemento. É coma se o mundo quedase en absoluto silencio para subliñar o que é importante de verdade. Despois, todo volve soar con máis forza. O meu corazón coma un tambor. Pom pom, pom pom.

Na pantalla, a imaxe de corpo enteiro dun rapaz vestido coma se fose practicar judo: pantalón branco, camisa branca, cinto negro. Non teño nin idea de artes marciais, pero puiden medio adiviñar que aquela cor de cinto significaba que tiña nivel. Era delgado, tiña o pelo escuro un pouco crecho e os ollos... —aproximeí a imaxe— talvez azuis, ou verdes. Parecía bastante alto. Sorría. Tiña cara de boa persoa. Ao fondo, podíanse ver as instalacións dun ximnasio.

Respondín:

Fas judo?

Desta vez a súa mensaxe case non se fixo esperar —eran as cinco menos cuarto— e provocoume un sorriso:

Taekwondo. Sabes o que é?

Máis ou menos. Es realmente cinto negro, ou é que está cotroso?

Hahahaha! Moi bo! Son cinto negro. Primeiro Dan.

Que é iso de Dan?

Un nivel. Significa que son bo.

Terás que explicarme que fixeches para conseguilo, de acordo?

Por exemplo, cando nos vexamos.

Escribín isto último sen pensar. Ás veces, todos facemos cousas sen pensalo o suficiente. Mesmo a xente máis sensata (ou que polo menos cre que o é). Incluso os máis intelixentes. Eu pensara moito no que dixer, claro. Quería ter a Marcelo diante miña, miralo aos ollos e sentir a súa mirada nos meus. Desexábao desde antes de ver a foto. Tanto me tiña que fose feo ou non, aínda que fose un espantallo.

Pero agora que sabía como era, aínda o quería con máis ganas. Quedar, vernos. Gustaríame que fose el quen o propuxese pero, como non o fixo, decidinme. Ás veces, eu tamén estou un chisco tola. E antes de que tivese tempo de contestarme, pensei que había un par de cousas que lle quería dicir:

Verás, gústasme moito. Quero dicir que a túa foto me gustou moito e foi a que me acabou de decidir. Ben sei que por correo electrónico non podes escribir demasiado. Ademais, non é a mellor forma de dicir as cousas. Non pensas que se quedásemos para tomar algo poderíamos falar de todo? É un método aínda máis antigo que mandar mensaxes. Non che apetece? Veña, di onde e cando!

Deille a «enviar» e, nese mesmo instante, comecei a arrepentirme de ser tan directa. Non vos ocorre algunha vez que un sexto sentido, chamémoslle intuición, vos avisa de que as cousas non van saír ben?

Iso foi o que me pasou a min. Naquel momento sentín o meu sexto sentido emitindo sinais de alarma a todo volume.

Cling, tes un correo sen ler.

A foto non importa. Eu o que quero saber é se che gusta por dentro. O importante é invisible para os ollos, sabíalo? De ti gústame moito máis o que non se ve, o que vai por dentro. E iso que me parecees superguapa.

Non esperaba aquela resposta. Era coma se non lese nada do que eu lle escribira. Peor: era coma se estivese a botar balóns fóra. Contestei:

Claro que me gustas por dentro, pero por fóra tamén. Liches os meus dous correos anteriores? Queres quedar, ou non?

Son unha impaciente, seino. É un gran defecto que teño. Mamá xa o di:

—Algún día, estas présas túas vanche dar un desgusto, Xenia. Tes que aprender que non se pode querer ter todo e, por riba, telo ao momento, filla.

Todo e ao momento. Por que esperar? Esa é a miña filosofía da vida. Pero tamén estaba claro que non era a de Marcelo.

Quedei dunha peza coa súa resposta.

Non quero. Aínda non. Xa cho explicarei algún día.

Debo ser unha imbécil rematada, porque ao ver aquela mensaxe súa entráronme unhas

ganas terribles de chorar. Marcelo non quería coñecerme, non compartía as miñas urxencias, non sentía o mesmo que sentía eu. Entendín que me equivocara, que fixera o ridículo.

A miña resposta:

Non fai falta explicalo. Compréndoo perfectamente, non te preocupes. Pensaba que eu che gustaba tanto como ti me gustas a min, pero xa vexo que me precipitei. Non pasa nada. Desculpa, non quería que te sentises mal pola miña culpa. Gustoume moito coñecerte, Marcelo López. Xa te deixo en paz. Un bico.

Enviar. Enviando mensaxe. Mensaxe enviada.

O corazón a mil por hora.

Contei os segundos. Foron 14.

Espera. Por favor, espera.

Catro palabras que non significaban nada. Ou si? A que debía esperar? Eran as cinco. Algo me dicía que ata o día seguinte non recibiría ningún outro correo.

Esta vez equivoqueime. Cara ás seis e media entrou un novo correo. Unha mensaxe longa, que non parecía súa.

Escoita, Xenia, non escribo este correo para suplicarche nada. Non teño moita práctica

nisto de suplicar. Pero quero que saibas que estes días fuches moi importante para min. De feito, o máis importante de toda a miña vida. A min tamén me gustas moito, aínda que dito así creo que é quedar bastante curto. Nunca antes sentira nada igual. Diría que me namorei de ti. Todo isto é moi estraño. Penso en ti desde que me levanto ata que vou durmir. Desexo coñecerte máis ca nada no mundo, pero por agora iso é imposible. Quérote. Uf, que raro resulta escribilo. Pero é a pura verdade. Quería que o soubeses. Se queres desaparecer da miña vida, agora xa podes facelo. Eu recordareite semp

A mensaxe remataba así. De golpe, cunha palabra a medio escribir. Coma se fose enviada por equivocación.

Esperei uns minutos, a ver se entraba outra mensaxe, pero non. Media hora despois, escribinlle eu.

Non penso desaparecer da túa vida. Aínda que hai unha serie de cousas que non comprendo e que me gustaría preguntarche. Tanto ten, debe

ser que me gustan os tíos misteriosos. Coma Salinger, lémbreste?

Non volveu responder aquela tarde —era mércores—, nin ao día seguinte, nin o venres. Tampouco durante a fin de semana.

Non sei cantas veces consultei o correo durante aqueles días interminables, nin cantas veces tiven que escoitar de boca da miña nai a mesma pregunta:

—Pódese saber que che pasa, miña nena?

Non. Non se podía saber. Mamá non entendería nada.

O que me pasaba era que botaba de menos a Marcelo máis do que nunca botara de menos a ninguén. Sentíame ridícula por estar colgada dunha pantofo. Dábame medo que puidese desaparecer para sempre da miña vida. Non entendía cal era o seu problema, pero estaba claro que tiña algún e devecía por axudarlle. Non podía facer nada para evitar o que me estaba ocorrendo. Só esperar e esperar.

Esperar. Esa é a palabra que máis odio de todas as do dicionario.